

ASUNTO PLE/2022/00019711P

ACTA NÚM. 9 - SESIÓN ORDINARIA 28 DE ABRIL DE 2022

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:02 horas** do día **28 de abril de 2022**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira, Dona María Milagros Castro Sánchez, sendo disculpada a súa ausencia polo señor Alcalde.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 5 de abril de 2022.**
- 2. Levantamento de reparo para pagamento horas extras á policía local e bombeiros correspondentes ao ano 2020.**
- 3. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para deseñar actividades sobre a memoria do exilio e crear un programa de promoción do audiovisual en lingua galega entre a infancia e a adolescencia.**
- 4. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para mellorar a transparencia nos procesos de selección de persoal e reducir a temporalidade no concello.**
- 5. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a mellora dos servizos do aparcamento e da dársena da avenida de Xoán XXIII.**
- 6. Proposición presentada polo grupo municipal de CA sobre a situación do barrio de Conxo e para o deseño dun plan específico para a súa revitalización.**
- 7. Dar conta de informe de intervención xeral de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, exercicio 2021.**
- 8. Dar conta de informe de intervención xeral sobre o control de pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa, exercicio 2021.**
- 9. Dar conta de acordos contrarios a reparos e informes omisión función interventora.**
- 10. Dar conta da resolución de aprobación da liquidación do orzamento ano 2021.**
- 11. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.**
- 12. Comparecencia en relación ao proxecto de desenvolvemento de plataforma loxística.**
- 13. Rogos, preguntas e interpelacións.**
Rogos:
 - 1.- Formulado polo BNG sobre as labores de limpeza no estanque do parque do Auditorio de Galiza.
 - 2.- Formulado polo BNG para realizar labores de limpeza e mantemento de urxencia no palco de música e nos bancos da alameda.
 - 3.- Formulado polo BNG para permitir o estacionamento de vehículos das persoas que viven na rúa Altiboia na zona de residentes do aparcadoiro sito nesa rúa.
 - 4.- Formulado por CA sobre publicación das axudas para actividades culturais.
 - 5.- Formulado polo PP para que se convoque comisión mixta de garantía básica cidadá.
 - 6.- Formulado por CA para a implantación do servizo de comedor escolar nas escolas unitarias.
 - 7.- Formulado polo PP para a mellora e ordenación da zona do campo de Sta. Marta.
 - 8.- Formulado polo PP para ampliar a difusión e utilidade do “bono taxi”.

9.- Formulado por CA para renovación de paneis informativos nas paradas do autobús urbano.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Formulada polo BNG sobre inspección á empresa concesionaria do servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control de tráfico.
- 2.- Formulada polo BNG sobre información á veciñanza dos Concheiros, Home Santo e Rodríguez de Viguri en relación aos cambios de mobilidade previstos para a zona.
- 3.- Formulada por CA sobre a correcta regulación da música ao vivo nos locais.
- 4.- Formulada polo BNG sobre reunións coa veciñanza de Meixonfrío.
- 5.- Formulada polo PP sobre apertura do baño accesible integrado na concesión do quiosco da alameda.
- 6.- Formulada polo PP sobre a parálise das obras de selado e clausura do vertedoiro de Aríns.
7. Formulada polo PP sobre o emprego de datos persoais con fins alleos ao interese da persoa cedente.
- 8.- Formulada por CA sobre o cese da actividade no vertedoiro de Miramontes.
- 9.- Formulada por CA sobre o centro de cultura gastronómica de Galicia.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada polo BNG sobre sancións en relación coa ordenanza xeral de rúidos.
- 2.- Formulada polo PP sobre subvencións ao deporte federado.
- 3.- Formulada polo PP sobre horas extras impagadas á policía local e aos bombeiros.
- 4.- Formulada polo BNG sobre previsións de cobertura da praza de uxier do centro sociocultural de Vite, vacante por xubilación.
- 5.- Formulada polo BNG en relación a queixas da veciñanza do Castiñeiriño e dos centros educativos da contorna sobre edificios abandonados.

14. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

- 1.- Presentada polo BNG para axilizar a licitación do servizo de comedores escolares para os CEIP do concello.
- 2.- Presentada polo BNG para o arranxo do paso de peóns da rúa da Pastoriza e a realización da terceira fase das obras dos Basquiños até a Praza da Paz.
- 3.- Presentada polo BNG para habilitar o canellón da contorna da Colexiata de Sar para aparcadoiro nocturno a residentes.
- 4.- Presentada polo BNG para apoiar o comercio e hostalaría cunha campaña de dinamización cultural na contorna da Praza da Inmaculada na cidade histórica.
- 5.- Presentada por CA pola publicación dunha axenda cultural que mellore a difusión e a coordinación da programación cultural na cidade.
- 6.- Presentada polo PP para o acondicionamento do firme da entrada da vía da Prata no concello e outras melloras en Angrois.
- 7.- Presentada polo PP para o acondicionamento e posta en valor da escola unitaria da Devesa.
- 8.- Presentada por CA e BNG, para instar á Xunta de Goberno a revisar de oficio os pregos de xestión da rede de centros socioculturais.
- 9.- Presentada por CA para reavaliar e consensuar a instalación dunha plataforma lóxística de reparto de mercadorías para a hostalaría.

Ao comezo da sesión, teñen lugar as seguintes intervencións:

Dona Ana Seoane Otero en relación á moción presentada polos grupos municipais de CA e BNG, sobre os pregos de xestión da rede de centros socioculturais.

Don Juan Manuel Granja Fernández en relación á moción presentada polo grupo municipal de CA sobre a instalación de plataforma loxística de mercadorías en Mallou.

Previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acórdase incluír a seguinte moción que será tratada no punto de toma en consideración das mocións:

Moción conxunta de todos os grupos políticos municipais para manifestar o pesar polo pasamento do pintor e médico Xulio Maside e solicitar que pola Comisión de Honras se acorde algún recoñecemento.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 5 DE ABRIL DE 2022.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as asistentes aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do día 5 de abril do corrente ano (núm. 7/2022).

2. LEVANTAMENTO DE REPARO PARA PAGAMENTO HORAS EXTRAS Á POLICÍA LOCAL E BOMBEIROS CORRESPONDENTES AO ANO 2020.

O informe proposta asinado pola concelleira delegada de economía e facenda e polo director da área de réxime interior, en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“1.- En data 18/01/2022 remítese á Intervención Xeral expediente electrónico núm. 2022/2562L, relativo ao aboamento de gratificacións por horas extras realizadas pola policía local en decembro do ano 2020 e polo persoal bombeiro en outubro, novembro e decembro do mesmo ano 2020.

O expediente consta da seguinte documentación:

Informe, con proposta de resolución, asinado polo director de Área de Recursos Humanos, Avaliación, Modernización e Réxime Interior.

Copia escaneada do informe proposta de aboamento de horas extras asinado polo inspector principal xefe da Policía Local e o concelleiro delegado, xunto coa relación de horas realizadas no mes de decembro de 2020 por cada policía, e informe xustificativo segundo o cal por necesidades do servizo non procede a compensación en días de libranza.

Copia escaneada da documentación relativa ás horas realizadas polo persoal de bombeiros fóra da xornada habitual de traballo durante os meses de outubro, novembro e decembro do ano 2020. Nesta documentación figura a relación de horas, informe segundo o cal non procede a compensación en días de libranza por necesidades do servizo, e as razóns polas que non puideron ser autorizadas previamente.

Documento contable Pre-RC con cargo ao ano 2022, asinado polo director de Área, e documento contable RC núm. 220220000055 asinado pola persoa titular do órgano de Contabilidade.

2.- As **gratificacións** por horas extraordinarias de **persoal funcionario** que se

imputan son as que se detallan a seguir:

2.1.- Policía (mes de decembro 2020)

- Gratificacións64.576,10 € (aplicación 030 13200 1510000)
- Seguridade Social.....15.239,95 € (aplicación 030 13200 1600000)

2.2.- Persoal bombeiro (meses de outubro, novembro e decembro 2020)

- Gratificacións120.039,94 € (aplicación 030 13600 1510000)
- Seguridade Social.....28.329,42 € (aplicación 030 13600 1510000)

3.- O expediente tramítase no ano 2022, aínda cando os traballos foran realizados no último trimestre do ano 2020, por canto estes non foran fiscalizados previamente, e no momento en que se tramitan desde os centros xestores o crédito da aplicación económica correspondente era insuficiente para proceder ao seu aboamento, razón pola que se paralizou o expediente, pois o artigo 173.5 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais establece:

*“... 5. Non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, **sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar**”.*

En xaneiro do ano 2022, unha vez prorrogado o orzamento do ano 2021 para o exercicio 2022, iníciase este expediente, a teor do establecido no artigo 176 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais:

“1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestación ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

*2. Non obstante o disposto no apartado anterior, **aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:***

a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo aos orzamentos xerais da entidade local.
(...)”

4.- En data 20/02/2022 recíbese neste centro directivo informe da Intervención Xeral ao que se fai referencia no encabezado.

O referido informe de fiscalización estrutúrase dunha parte inicial na que se recollen os conceptos básicos, antecedentes e normativa de aplicación, e os seguintes apartados ou items:

Extremos de xeral comprobación
Requisitos básicos adicionais do Estado
Requisitos básicos adicionais Pleno Corporación
Consideracións
Conclusións

Tal e como se contempla no informe da Intervención Xeral, o concepto retributivo de

“gratificacións” por traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo está sometido a un dobre límite:

a) O crédito orzamentario

b) A cantidade que o Pleno acorde destinar a dito concepto retributivo, cuxa asignación individualizada correspondería realizala ao Alcalde ou presidente da Corporación ou órgano en quen delegue (artigo 6.2 do Real decreto 861/1986), trala verificación dos límites mencionados no artigo 7 do mesmo texto legal.

En relación con este último apartado, a Disposición adicional oitava das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio económico do ano 2020, aprobadas polo Pleno da Corporación, establece que *“o complemento de produtividade non excederá da contía de 1.200.000,00 € e as gratificacións por servizos extraordinarios non excederán da contía de 1.200.000,00 €”*.

5.- Entende a Intervención Xeral, e tamén este informante, que o exercicio económico que debería terse en conta aos efectos do límite anual de gratificacións par todo o Concello sería aquel no que se devindicaron os gastos, neste caso o ano 2020. Por iso, se temos en conta que o importe real dos gastos xa imputados ao exercicio 2020 con cargo a aplicación económica de gratificacións ascende a 1.064.336,14 €, e a iso lle sumamos o importe proposto para aboamento por este expediente, que suma a cantidade total de 184.616,04 €, teriamos un total de 1.248.952,18. Así, pois, se acudimos aos **límites aprobados para esta finalidade no exercicio 2020**, este **superaríase** na contía de CORENTA E OITO MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (**48.952,18 €**), **razón** polo cal a Intervención Xeral informa que **debe suspenderse a tramitación** do expediente en aplicación do disposto no artigo 216.2.a) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo; reparo cuxa **competencia para o seu levantamento só corresponde ao Pleno da Corporación Municipal**.

6.- Desde este centro directivo, xa se ten advertido, tal e como figura no propio expediente, *“da necesidade de adoptar as seguintes medidas por parte das xefaturas dos diferentes servizos e correspondentes concellerías-delegadas:*

a) control estrito de que a realización dos servizos extraordinarios responda á existencia de necesidades urxentes e inaprazables, dado que se están a superar amplamente as previsións económicas iniciais para o seu pagamento.

b) Xustificación exhaustiva das razóns que impiden a compensación en tempo libre”

Sen embargo, e así o acreditan as persoas responsables dos centros xestores correspondentes, o **reducido número de efectivos**, particularmente no corpo da Policía Local e no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, unido a un **maior número de servizos demandados pola cidadanía** a realizar por parte destes colectivos, obriga a que o número de **horas traballadas fóra da xornada habitual se incrementen máis do desexado pola Administración**.

7.- No informe da Intervención Xeral figura tamén a seguinte observación, que non reparo:

“2º.- Non consta o control anual de horas realizadas; non obstante, dun simple cotexo dos listados mensuais do persoal da policía e do Servizo de Extinción de Incendios,

obsérvase que existen traballadoras que superan amplamente o número de 80 horas/ano, mesmo algún deles supera este límite nun só mes”.

A isto, dicir que no marco legal aplicable, as gratificacións por servizos extraordinarios ao persoal funcionario terán carácter excepcional e voluntario, salvo por forza maior, e só poderán ser recoñecidos como tales aqueles servizos, previamente autorizados pola persoal responsable da concellería competente en materia de recursos humanos, prestados en horas comprendidas fóra da xornada ordinaria de traballo, cando non proceda a compensación horaria, tal e como se está facendo no expediente da referencia.

En canto a superar o número de 80 horas/ano, debemos ter presente que no sistema retributivo do persoal funcionario non se prevé a forma de fixar o importe das horas extras, por canto non está previsto este tipo de retribucións. No caso do persoal funcionario a retribución que pode ter un concepto parecido son as gratificacións extraordinarias. Así, o artigo 24 do TREBEP establece:

“A contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios estableceranse polas correspondentes leis de cada Administración pública, entre outros, aos seguintes factores:

a)A progresión acadada polo funcionario dentro do sistema de carreira administrativa.

b)A especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade exigible para o desempeño de determinados postos de traballo e as condicións nas que se desenvolve o traballo.

c)O grao de interese, iniciativa e esforzo con que o funcionario desenvolva o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos.

d)Os servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo”.

Concorda este precepto co artigo 23.3.d da LRFP que prevé que *“son retribucións complementarias ... as gratificacións por servizos extraordinarios, fóra da xornada normal, que en ningún caso poderán ser fixas na súa contía e periódicas no seu devengo”.*

Texto refundo da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades que integran o sector público local.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública

Real decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións de funcionarios da Administración local.

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

Acordo regulador-Convenio colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela.

Bases de execución do orzamento xeral municipal.

De acordo con todo o anterior, e á vista do ditame da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas na sesión extraordinaria celebrada o 25 de abril de 2022, que a teor di:

“Levantamento reparo sobre aboamento horas extraordinarias á policía local e bombeiros ano 2020

Primeiro.- *Levantar o reparo formulado pola Intervención Xeral no seu informe número 104/2022, sobre “horas extraordinarias” realizadas no ano 2020, pola policía local no mes de decembro e polo persoal bombeiro nos meses de outubro, novembro e decembro do mesmo ano.*

Segundo.- *Autorizar a superación do límite aprobado para “gratificacións” do exercicio orzamentario do 2020 na contía de CORENTA E OITO MIL NOVECENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (48.952,18 €), quedando o orzamento para tal finalidade nun total de 1.248.952,18 €.*

Terceiro.- *Dispoñer a continuidade do expediente para que se adopten as medidas necesarias a fin de evitara graves prexuízos ás persoas interesadas”.*

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola Intervención Xeral no seu informe número 104/2022, sobre “horas extraordinarias” realizadas no ano 2020, pola policía local no mes de decembro e polo persoal bombeiro nos meses de outubro, novembro e decembro do mesmo ano.

Segundo.- Autorizar a superación do límite aprobado para “gratificacións” do exercicio orzamentario do 2020 na contía de CORENTA E OITO MIL NOVECENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (48.952,18 €), quedando o orzamento para tal finalidade nun total de 1.248.952,18 €.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade do expediente para que se adopten as medidas necesarias a fin de evitar graves prexuízos ás persoas interesadas.”

No transcurso do debate o grupo municipal de CA solicita in voce a votación separada por puntos, que é acordada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes.

Á vista do informe proposta transcrito, e demais documentación do expediente, e a emenda in voce de CA, o Pleno da Corporación acorda:

Primeiro.- Por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), levantar o reparo formulado pola Intervención Xeral no seu informe número 104/2022, sobre “horas extraordinarias” realizadas no ano 2020, pola policía local no mes de decembro e polo persoal bombeiro nos meses de outubro, novembro e decembro do mesmo ano.

Segundo.- Por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos

grupos municipais do PSdeG-PSOE e de CA (9 PSdeG-PSOE e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do BNG (8 PP e 2 BNG), autorizar a superación do límite aprobado para “gratificacións” do exercicio orzamentario do 2020 na contía de CORENTA E OITO MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (48.952,18 €), quedando o orzamento para tal finalidade nun total de 1.248.952,18 €.

Terceiro.- Por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de CA (9 PSdeG-PSOE e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do BNG (8 PP e 2 BNG), dispoñer a continuidade do expediente para que se adopten as medidas necesarias a fin de evitar graves prexuízos ás persoas interesadas.

3. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DESEÑAR ACTIVIDADES SOBRE A MEMORIA DO EXILIO E CREAR UN PROGRAMA DE PROMOCIÓN DO AUDIOVISUAL EN LINGUA GALEGA ENTRE A INFANCIA E A ADOLESCENCIA.

Foi presentada con data 18 de abril de 2022, a proposición que a continuación se transcribe:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para promover o audiovisual en lingua galega entre a infancia e a adolescencia a través dun programa continuado en colaboración cos centros socioculturais, os centros de ensino e as salas de cinema da cidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo 17 de maio celebrarase novamente o Día das Letras Galegas, nesta ocasión dedicado a Florencio Delgado Gurriarán, un autor que tivo que padecer o exilio tras a represión despois do golpe de 1936. Precisamente, na editorial Nós de Santiago de Compostela, foi onde editou as súas primeiras publicacións. É esta, pois, unha boa ocasión para deseñar unha serie de actividades sobre a memoria do exilio, tanto a nivel galego, como de maneira especial promocionando a historia local e divulgando o coñecemento arredor das persoas que sufriron calquera tipo de represión tras o 36.

Para alén disto, sería bo aproveitar o mes de maio para lanzar a proposta dun novo programa elaborado de maneira transversal desde diferentes áreas municipais (cultura, educación, mocidade, normalización lingüística) co obxectivo de promocional o audiovisual en lingua galega (orixinal ou tradución) dirixido aos sectores da infancia e da adolescencia, franxas etáreas en que o galego está en franco retroceso segundo se deduce de todos os estudos sociolingüísticos existentes até o momento. Tanto na Galiza como en Compostela contamos cun amplo abano de persoas dedicadas ao audiovisual que deberían ser moito máis coñecidas e recoñecidas no noso concello, sobre todo entre as idades máis temperás.

A proposta tentaría levar a proxeccións públicas aos centros socioculturais, centros de ensino ou a través de salas de cinema con que se farían convenios específicos con esta finalidade destes materiais, coa organización de charlas coas persoas implicadas nos filmes, curtas ou series (da dirección ou produción, protagonistas...).

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1.- O Concello de Santiago, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Florencio Delgado Gurriarán, desenvolverá unha serie de actividades sobre a memoria do exilio.

2.- O Concello de Santiago creará un programa de promoción do audiovisual en lingua galega a través de proxeccións nos centros socioculturais, centros de ensino e, se for posíbel, de salas de cinema, orientadas principalmente ao público infantil e xuvenil.”

A anterior proposición presentou emenda o grupo municipal do PP de modificación do punto 2 do acordo da proposición, co seguinte contido:

“2.- O Concello de Santiago creará un programa de promoción e exhibición do audiovisual en lingua galega orientado principalmente ao público infantil e xuvenil, na procura dunha acción colaborativa con outras entidades públicas e privadas, prestando especial atención ás salas de cinema.”

No transcurso do debate auséntase durante un breve espazo de tempo o señor alcalde, e preside a sesión a tenente de alcalde, dona Mercedes Rosón.

Reincorpórase o señor alcalde e pasa a presidir a sesión.

Rematado o debate, e tras ser aceptada a emenda presentada, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1.- O Concello de Santiago, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Florencio Delgado Gurriarán, desenvolverá unha serie de actividades sobre a memoria do exilio.

2.- O Concello de Santiago creará un programa de promoción e exhibición do audiovisual en lingua galega orientado principalmente ao público infantil e xuvenil, na procura dunha acción colaborativa con outras entidades públicas e privadas, prestando especial atención ás salas de cinema.

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA MELLORAR A TRANSPARENCIA NOS PROCESOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL E REDUCIR A TEMPORALIDADE NO CONCELLO.

Con data 19 de abril de 2022, foi presentada a proposición do epígrafe, que ten o seguinte contido:

“Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de mellorar a transparencia nos diferentes procesos de selección de persoal impulsados no Concello de Santiago e para reducir a temporalidade na administración local.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Constitución Española sinala, no seu artigo 23.2, que os cidadáns “teñen dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalen as leis”. A partir deste precepto constitucional, a diferente lexislación e normativas en vigor sobre procesos de selección de persoal nas administracións públicas indican que tanto o persoal funcionario como o persoal laboral serán seleccionados mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Tamén o Estatuto Básico do Empregado Público destaca os principios de publicidade nas convocatorias e das súas bases, transparencia, imparcialidade e discrecionalidade técnica dos órganos de selección, adecuación do contido dos procesos selectivos e das funcións e/ou tarefas a desenvolver e axilidade sen prexuízo da súa obxectividade.

A importancia de incorporar os e as empregadas públicas conforme aos principios de mérito e de capacidade foi mesmo destacado na Convención de Nacións Unidas contra a Corrupción do ano 2003.

O Concello de Santiago ten varias ofertas de emprego aprobadas e pendentes de executar, correspondentes aos anos 2021, 2020 e 2019. Nelas contéplanse un total de 67 prazas en quenda libre para persoal funcionario, e outras 5 de persoal laboral.

Así e todo, nos últimos tres anos, o Goberno impulsou escasas oposicións libres. Foron, en concreto, as seguintes:

Prazas de Policía Local, que non son convocadas directamente polo Concello de Santiago, senón a través da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

Prazas de oficiais para o Servizo de Extinción de Incendios (provenientes da oferta de emprego do ano 2018 e con bases xerais e específicas negociadas e aprobadas no mandato anterior).

Prazas de bombeiros-condutores (ofertas de emprego 2018-2020)

Letrado/a da asesoría xurídica.

Deste xeito, no Concello de Santiago só se convocaron, das máis de 60 pendentes, as oposicións de letrado/a para a Asesoría Xurídica e de bombeiros-condutores e a de Oficiais do Servizo de Extinción de Incendios. Este terceiro proceso, ademais, quedara preparado no anterior mandato e o actual Goberno só tivo que realizar a convocatoria das probas, que hai xusto un ano foron motivo de polémica tras comprobarse que as respostas correctas do primeiro exame estaban marcadas no cuestionario cunha tipografía diferente.

Mentres isto acontece coa convocatoria de oposicións libres, no que levamos de mandato asistimos no Concello de Santiago á proliferación de convocatorias para persoal con cargos directivos ou para contratacións “temporais”.

Nos últimos anos convocáronse o dobre (6) de procesos para persoal directivo que de oposicións para persoal funcionario e laboral do Concello de Santiago. Foron, en concreto, as seguintes:

Vicesecretario do Concello de Santiago.

Director da Área de Desenvolvemento Urbano sostible.

Dirección da área de Benestar Animal e servizos básicos comunitarios.

Director/a da banda municipal de música.
Xefa do Servizo de Contratación.
Vicedirección da asesoría xurídica.

No caso do persoal temporal foron convocados máis do triple de procesos (10) que de oposición libre:

Técnico/a de administración xeral
Técnico/a de Sistemas e Informática
Técnico/a auxiliar de informática
Xornalista
Arquiveiro/a
Arquitecto/a
Enxeñeiro/a técnico
Traballador/a social
Tractorista-palista
Operario/a-albanel.

Como indica a normativa citada ao inicio desta exposición de motivos, a oferta de emprego das administracións públicas debe reducir as contratacións temporais a casos excepcionais e urxentes.

Nunha administración coma o do Concello de Santiago os procesos selectivos temporais non deberan ser a norma habitual da selección de persoal, como está a acontecer.

Por outra banda, bótase en falta un procedemento reglado, homoxéneo e transparente para este tipo de procesos de selección. Nos 10 procesos selectivos realizados no actual mandato para a cobertura de listas de agarda, e posterior cobertura de prazas como persoal funcionario interino, as bases das convocatorias, o número de temas tanto nos contidos xerais como nos específicos, o número de probas e o procedemento de revisión son moi diversos entre si. Tampouco contribúe á necesaria transparencia de ditos procesos o feito de que, nalgúns casos, non se teñan fixado períodos de alegacións para as persoas participantes, tras a publicación dos resultados das diferentes probas.

En prol da transparencia, o Concello debe aprobar un regulamento que fixe as directrices polas que se deben guiar os procesos de selección e a elaboración das bases das diferentes, como xa acontece noutros municipios do Estado. Trátase de definir, con carácter previo e homoxéneo, os tipos de proba que se deben realizar, o número de temas a exixir en cada convocatoria, o criterio de corrección obxectivo das probas, a valoración dos méritos a achegar en cada caso, etc.

Tamén sería de interese que se publicaran na páxina web municipal as preguntas e os casos prácticos que foron obxecto dos exercicios das probas selectivas, como se fai nalgúns casos como o do citado proceso do Servizo de Extinción de Incendios, as actas do tribunal de selección na que se expresen os criterios de corrección e as cualificacións individuais outorgadas por cada membro, podendo restrinxir o acceso só ás persoas participantes no proceso selectivo mediante unha clave ou un sistema similar. Desta forma, os participantes excluídos ou desconformes coa cualificación verían cumprido o seu dereito recoñecido polo Defensor del Pueblo e polo Tribunal Supremo e non se atentaría contra a normativa de protección de datos como mesmo declarou a Axencia Española de Protección de datos.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

Axilizar e realizar canto antes a convocatoria das ofertas de emprego pendentes, especialmente no relacionado coas prazas de quenda libre.

Limitar a utilización dos procesos de selección de persoal temporal só para casos urxentes e inaprazables e non como práctica habitual de cobertura de prazas como acontece na actualidade

Aprobar unhas directrices globais nas que se estableza un procedemento homoxéneo e transparente para todos os procesos de selección de persoal do Concello de Santiago.”

Presentou á presente proposición o BNG emenda de acrecentamento do punto terceiro do acordo, co seguinte texto:

“Cumprir o regulamento da selección de persoal incluído no convenio colectivo e manter actualizadas as relacións de listaxes da agarda, ademais de aprobar unhas directrices globais en que se estableza un procedemento homoxéneo e transparente para todos os procesos de selección de persoal do Concello de Santiago.”

Presentou, así mesmo, emenda in voce o grupo municipal do Partido Popular, de acrecentamento da emenda do BNG, co seguinte texto:

“Cumprir coa actualización e informe por parte da Asesoría Xurídica ...”

Tras ser aceptadas ambas emendas, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1.- Axilizar e realizar canto antes a convocatoria das ofertas de emprego pendentes, especialmente no relacionado coas prazas de quenda libre.

2.- Limitar a utilización dos procesos de selección de persoal temporal só para casos urxentes e inaprazables e non como práctica habitual de cobertura de prazas como acontece na actualidade

3.- Aprobar unhas directrices globais nas que se estableza un procedemento homoxéneo e transparente para todos os procesos de selección de persoal do Concello de Santiago.

Cumprir coa actualización e informe por parte da Asesoría Xurídica do regulamento da selección de persoal incluído no convenio colectivo e manter actualizadas as relacións de listaxes da agarda, ademais de aprobar unhas directrices globais en que se estableza un procedemento homoxéneo e transparente para todos os procesos de selección de persoal do Concello de Santiago.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A MELLORA DOS SERVIZOS DO APARCAMENTO E DA DÁRSENA DA AVENIDA DE XOÁN XXIII.

Foi presentada con data 19 de abril do corrente ano, a proposición que a seguir se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pasaron máis de 3 anos desde que este Grupo propuxera unha iniciativa para a mellora das instalacións e dos servizos do aparcamento público e da dársena de autobuses da Avenida Xoán XXIII. Unha iniciativa que contou co respaldo de todos os grupos, agás o que daquela gobernaba, que se abstivo aínda recoñecendo moitas das deficiencias que se sinalaban neste ámbito xestionado pola empresa pública Tussa.

As instalacións están próximas a cumprir os 30 anos, sen que se teñan producido apenas ningunha acción de modernización apreciable, se exceptuamos as melloras nos mecanismo de control e cobro, a instalación dun servizo para arrincar as baterías - proposto no seu día por este Grupo- e os mínimo traballos puntuais de obrigado mantemento.

Se xa hai tres anos era necesario acometer unha actuación en profundidade neste punto tan visible e funcional para os residentes máis próximos e para as persoas que visitan a nosa cidade e que nunha gran maioría acceden por este lugar, na actualidade a situación resulta aínda máis perentoria.

Cómpre ter en conta que estas instalacións contan cunha dársena con 16 prazas que poderían ser empregadas por 14.000 autobuses/ano capaces de transportar a unhas 700.000 persoas/ano¹. No aparcamento público para vehículos contabilízanse arredor de 500 prazas suficientes para xerar un movemento de vehículos en rotación que se situaría por riba dos 130.000/ano. Son, polo tanto, unhas instalacións cun elevado nivel de potenciais usuarios o que se traduce nuns ingresos que en condicións normais poderíanse situar próximos aos 600.000 euros anuais.

A pesar desta importancia, as instalacións presentan moitas deficiencias que se deberían abordar parailas adaptando ás necesidades e aos estándares que acostuman ter este tipo de servizos. Sen ánimo de ser exhaustivos, podemos citar - como xa fixeramos hai máis de 3 anos, sen que nada mudara- as seguintes: mellora da sinalización no exterior e no interior (multilingüe); pintura de estruturas metálicas (oxidadas), paredes e solos; adaptación da iluminación con tecnoloxía led e criterios de eficacia e eficiencia (especialmente nas dársenas, onde aínda se manteñen focos de gran consumo); a mellora do axardinamento do contorno; a reparación e reposición de pavimentos; a mellora do mobiliario urbano, a limpeza de pintadas... En fin, son moitas as deficiencias das que, a modo de exemplo, acompañamos unhas imaxes realizadas recentemente como anexo.

Unha atención especial consideramos que se debería dirixir a abordar a reapertura do local comercial destinado a cafetería e pechado desde hai varios anos -unha

concesión que levaba aparelada o coidado e atención dos baños públicos situados ao seu carón, tamén pechados desde hai meses-; e tamén a incorporación dunha mellora tecnolóxica existente xa na inmensa maioría dos aparcadoiros públicos subterráneos, como é a sinalización de prazas vacantes mediante luminarias de cores e paneis informativos no acceso ás distintas plantas, que facilitarían a información e o guiado ás persoas usuarias, para evitar así os desprazamentos innecesarios, ao tempo que se reduce a contaminación e consumo dos vehículos.

As melloras que se propoñen, poderían ser complementadas nunha pequena parte co proxecto que en febreiro pasado aprobou o Goberno -pendente aínda da súa licitación, por importe de 216.000 euros- que vai dirixido unicamente ao reacondicionamento da plataforma sobre a Avenida Xoán XXIII que serve de acceso ao aparcadoiro, aos locais comerciais e á rampla de baixada ao andén dos autobuses. Unha actuación que incide, sobre todo, na limpeza e mantemento da marquesiña da plataforma, na reposición de varandas, pintado e a adecuación do parterre baixo o beiril da plataforma principal.

Á vista do exposto, e coa intención de adaptar as instalacións e mellorar o servizo e a imaxe da cidade canto antes, o Grupo Municipal Popular propónlle ao conxunto da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a que promova unha planificación para acometer de forma progresiva unha mellora e adaptación do conxunto das instalacións da dársena de autobuses e do aparcadoiro público de Xoán XXIII que, entre outras actuacións e cando menos, inclúa a renovación os firmes, lucimento dos paramentos e renovación da pintura; a mellora da eficiencia enerxética na iluminación xeral das instalacións; o acondicionamento e mellora estética do acceso peonil desde a dársena de autobuses ata as proximidades da avenida e a igrexa de San Francisco; a licitación da concesión do local destinado a cafetería, coa apertura e mellora dos baños públicos inmediatos; e a incorporación dunha sinalización intelixente que facilite a información e guiado -mediante luces e paneis nos distintos niveis- das prazas dispoñibles para ofrecer un servizo máis cómodo, sostible e eficiente.”

Tras o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a que promova unha planificación para acometer de forma progresiva unha mellora e adaptación do conxunto das instalacións da dársena de autobuses e do aparcadoiro público de Xoán XXIII que, entre outras actuacións e cando menos, inclúa a renovación dos firmes, lucimento dos paramentos e renovación da pintura; a mellora da eficiencia enerxética na iluminación xeral das instalacións; o acondicionamento e mellora estética do acceso peonil desde a dársena de autobuses ata as proximidades da avenida e a igrexa de San Francisco; a licitación da concesión do local destinado a cafetería, coa apertura e mellora dos baños públicos inmediatos; e a incorporación dunha sinalización intelixente que facilite a información e guiado -mediante luces e paneis nos distintos niveis- das prazas dispoñibles para ofrecer un servizo máis cómodo, sostible e eficiente.

Faise un descanso cando son as 11:43 horas e volve a retomarse a sesión cando son

as 12:05 horas.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA SOBRE A SITUACIÓN DO BARRIO DE CONXO E PARA O DESEÑO DUN PLAN ESPECÍFICO PARA A SÚA REVITALIZACIÓN.

Con data 19 de abril do corrente ano, presentouse a seguinte proposición:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de que se trate a problemática específica do barrio de Conxo e que se deseñe un plan municipal para solucionala.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O barrio de Conxo é un dos máis senlleiros e coñecidos de Compostela, sendo un dos que conforman a xénese do Santiago actual. Conxo foi un dos municipios orixinais creados a partir da reforma de 1833, constituído en 1835 e manténdose independente durante 90 anos ata a súa incorporación a Santiago en 1925. Nese flamante municipio de Conxo naceu Rosalía de Castro en 1837, nas inmediacións do seu famoso e frondoso bosque, á beira do río Sar, celebrouse o coñecido Banquete entre operarios e estudantes en 1856, e de alí partiu en 1873 a primeira locomotora ferroviaria de Galicia, concretamente de Cornes, rumbo a Carril, por sinalar só algúns dos fitos históricos máis destacados e singulares.

O núcleo de Conxo medrou ao redor do seu mosteiro, do camiño portugués e do río Sar do que se nutría para a súa subsistencia e en estreita relación co aproveitamento dos recursos forestais do monte da Curuxeira. Desde finais do século XIX sofre grandes transformacións como a inauguración do seu Hospital Psiquiátrico en 1885, que xa tería que ser ampliado en 1902, primeiro de Galicia e o único ata 1953. A construción da liña férrea cara Carril entre 1863 e 1873 así como o posterior ramal para Ourense xa nos anos 50 do século XX mudarían completamente a súa xeografía.

A construción destas grandes infraestruturas e sobre todo do periférico, proxecto xa incorporado no planeamento de Peña no 1963 e no de Longoria de 1974 e que finalmente é executado segundo o PXOM de 1990 e que divide o barrio de Conxo desde 1995. Para a conexión de ambas zonas constrúese a famosa ‘rotonda de Conxo’ que non permite darlle continuidade ao barrio, ficando este dividido en dúas partes ben diferenciadas.

Nos últimos tempos, o barrio tivo dúas oportunidades para remediar o curso da súa pouco afortunada historia urbanística recente. A primeira foi coa construción do túnel do periférico, nos anos 2014 e 2015, obras que deberían servir como revulsivo e aliciente para coser a fractura do barrio. Non en tanto, a pouca coordinación entre Ministerio de Fomento e Concello, ambos con gobernos do PP, converteu esta oportunidade en desgraza.

Meses e meses de obras paralizadas e atrasos que foron letais para o tecido comercial do barrio e que provocaron enormes molestias á veciñanza, para que finalmente a rotonda resultante fose, no funcional, moi similar á anterior, sen conseguir coser o barrio. Foi o goberno de Compostela Aberta quen no segundo semestre do 2015 conseguiu reanudar as obras do túnel e quen lle arrancou un compromiso ao Ministerio para cubrir a rotonda e que este permitise a permeabilidade peonil entre

ambas partes do barrio, compromiso aínda incumprido polo goberno do Estado e que supón unha débeda pendente con Conxo.

A outra gran oportunidade apareceu no 2017 a partir do convenio asinado polo, daquela, alcalde de Santiago, Martiño Noriega, coa Consellaría de Infraestruturas e Vivenda e a de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con Turismo de Galicia, do protocolo de colaboración para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago no termo municipal de Compostela. Con aquela sinatura e colaboración, Concello e Xunta recoñecían que o acondicionamento dos tramos composteláns das distintas rutas xacobeas, que no caso deste barrio estaría centrada no Camiño Portugués, na chegada ao Mosteiro de Conxo e na rotonda sobre a SC-20.

Obras que non contaron coa opinión da veciñanza e que sufriron unha enorme demora na súa tramitación por parte da Xunta de Galicia. Desde a sinatura do protocolo de colaboración, en febreiro do 2017, non foi ata xullo do 2018 -un ano e medio despois- que o goberno galego someteu ao trámite de información pública o documento básico do proxecto. Rematado o prazo de alegacións un mes despois, en agosto do 2018, aínda tiveron que pasar outros sete meses máis, ata marzo do 2019, para que a Xunta publicara o documento final do proxecto.

Pasadas as eleccións municipais, a Xunta adxudicou as obras en agosto do 2019, por un valor de 1,6 millóns de euros e cun prazo de execución de nove meses, de xeito que se prevía o seu remate para xuño do 2020. Deses 9 meses iniciais pasamos a máis de 20 meses de execución da actuación, unha demora que novamente prexudicou, principalmente, á veciñanza do barrio. Así, o que debía ser unha mellora urbanística para o barrio e que inclusive subsanara erros anteriores, convértese nun foco máis de padecemento e sufrimento.

A maiores desta falta de sensibilidade, o resultado destas obras son, a día de hoxe, unha das principais preocupacións veciñais, por múltiples e diferentes motivos. Moitas das eivas xa foron enumeradas na moción que o grupo de Compostela Aberta presentou no Pleno de xuño do 2021 cando aínda se estaba a tempo de remediar algunhas delas. Máis recentemente, en xaneiro deste ano 2022, volvemos insistir no Pleno na necesidade de que Xunta e Concello se poñan de acordo para resolver os problemas xerados.

Resolver os problemas de inundacións que está a sufrir a nova praza de Conxo, instalar novas varandas, repor pedras xa rotas, instalar papeleiras, resolver os problemas de accesibilidade das vivendas, eliminar os vértices e escalóns perigosos, solucionar os problemas de accesibilidade fronte á rúa da Benéfica, resolver os numerosos problemas de pluviais, etc., son algúns dos problemas urxentes que se deben resolver con dilixencia e escoitando á cidadanía. É necesario tamén permitir o dobre sentido de circulación para os vehículos de residentes no barrio, instalar pasos de peóns adaptados a todas as diversidades, e colocar correctamente os contedores de recollida de residuos e lixo en toda a contorna.

Mais a problemática de Conxo é máis ampla e vai máis alá, tendo hoxe en día un carácter máis estrutural, por iso, é necesario que desde o Concello se deseñe e impulse un verdadeiro Plan Conxo que procure respostas e propostas aos desafíos que ten por diante o barrio. Entre todas estas problemáticas destacan especialmente a relacionada coa mobilidade e conseguir superar a fractura que historicamente supuxo a construción do periférico nos 90. Conxo precisa solucións e medidas específicas

para superar esa fractura e que melloren a permeabilidade peonil.

En relación coa rotonda, é necesario manter a reivindicación de modificala, esixindo ao Ministerio de Fomento a súa humanización para poder acometer tamén o proxecto da Praza de Antón Fraguas no espazo público anexo. Dúas actuacións que poden acometerse nun curto prazo e que mellorarían enormemente o espazo público e a conexión do barrio. As que se deberían sumar outras actuacións como o reasfaltado da pista que conecta o barrio co da Pontepedriña, a construción de beirarrúas para mellorar a conexión peonil co Castiñeiriño na rúa Suarribas e Pai da Cana, tamén a mellora da conexión peonil coa Rocha e o Milladoiro, a reurbanización do Monte de Conxo coa eliminación da bolsa de infravivenda, así como a ampliación da anchura da rúa do Penedo.

Outra actuación de calado sería o acondicionamento da Praza da Mercé e de toda a súa contorna, comezando pola eliminación das bandas sonoras. Utilizando a parcela municipal existente entre o Colexio Quiroga Palacios e a Praza da Mercé, para incorporar unha nova zona verde que poida albergar un equipamento multiusos cuberto, que permita ofrecer máis recursos e espazos en materia de ocio e deporte no barrio. Para completar as necesidades de mellora dos equipamentos públicos municipais cómpre recuperar para os usos do barrio a Casa das Asociacións en Cornes, incorporar o proxecto da 'casa da rotonda' a todo o plano de humanización do cruzamento de vías, así como restaurar e rehabilitar os parques infantís e pistas deportivas de todo o barrio.

Dentro dun marco xeral que estude unha reformulación da Avenida de Ferrol para humanizala ao tempo que se habilitan máis prazas de estacionamento para residentes e para o comercio de proximidade. Comercio para o que se deberían habilitar medidas de axuda e facilitación específicas para a súa revitalización e impulso para a súa preservación e impulso como elemento fundamental para o asentamento de poboación e xerador de emprego no barrio.

O Concello debe reactivar e ser tamén o motor que lidere a demanda histórica dun novo centro de saúde en Conxo, que atendería a unhas 20.000 persoas. Máis dunha década despois da sinatura do primeiro convenio entre o Concello e a Xunta para a construción deste equipamento debera ser unha prioridade desatascar esa promesa histórica que se fixo aínda máis necesaria por mor do incremento poboacional, e non continuar cos parches que propón o goberno galego actualmente.

Mantendo a memoria colectiva do barrio e aproveitando para consolidar a Festa do Banquete como festividade do conxunto da cidade descentralizada no barrio de Conxo, potenciándoa e divulgándoa no conxunto do municipio e de Galicia. Así como resto de calendario cultural e de festividades realizadas polo tecido asociativo do barrio.

Por todo o anterior, e co obxectivo de dar resposta integral á débeda histórica que o Concello de Santiago ten co barrio de Conxo e atender as demandas da súa veciñanza, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Deseñar e elaborar un PLAN CONXO, que atenda e procure respostas a todas estas cuestións e outras problemáticas estruturais e específicas do barrio.
2. Realizar este deseño e elaboración do Plan de xeito aberto e participado contando coa opinión e demandas tanto do tecidos asociativo veciñal, social, deportivo e cultural do barrio como do conxunto da cidadanía e residentes en Conxo.
3. Dotar orzamentariamente e de xeito plurianual este Plan para que poida ser executado integramente no próximo mandato municipal 2023-27.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (9 PSdeG-PSOE e 8 PP) acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Deseñar e elaborar un PLAN CONXO, que atenda e procure respostas a todas estas cuestións e outras problemáticas estruturais e específicas do barrio.
2. Realizar este deseño e elaboración do Plan de xeito aberto e participado contando coa opinión e demandas tanto do tecidos asociativo veciñal, social, deportivo e cultural do barrio como do conxunto da cidadanía e residentes en Conxo.
3. Dotar orzamentariamente e de xeito plurianual este Plan para que poida ser executado integramente no próximo mandato municipal 2023-27.

7. DAR CONTA DE INFORME DE INTERVENCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, EXERCICIO 2021.

Dáse conta ao Pleno da Corporación do informe do interventor xeral de data 18 de abril do corrente ano, no que da conta da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite da débeda con motivo da liquidación orzamentaria do exercicio 2021.

8. DAR CONTA DE INFORME DE INTERVENCIÓN XERAL SOBRE O CONTROL DE PAGOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA, EXERCICIO 2021.

Dáse conta ao Pleno da Corporación do informe do interventor xeral de data 22 de abril do corrente ano, número 427/2022, sobre os resultados obtidos no control das contas a xustificar e anticipos de caixa fixa, exercicio económico 2021.

9. DAR CONTA DE ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS E INFORMES OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación do informe do interventor xeral de data 25 de abril do corrente ano, número 440/2022, de resolucións contrarias a reparos, así como o resumo das anomalías detectadas en materia de ingresos e expedientes de omisión da función interventora.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO ANO 2021.

Dáse conta ao Pleno da Corporación da resolución da concelleira delegada de economía e facenda de data 11 de abril do corrente ano, número 2022/4163, pola que se aproba a liquidación do orzamento xeral do concello correspondente ao exercicio de 2021.

11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e concellarías delegadas do período comprendido entre o 18 de marzo e o 21 de abril de 2022, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2022/000013954R

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 21 de marzo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00014605P

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 23 de marzo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00015245G

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 25 de marzo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00015165Q

Acta da ordinaria da Xunta de Goberno Local do 28 de marzo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00016207T

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 1 de abril de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00016208R

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 4 de abril de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00016994M

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 6 de abril de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00017415N

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de abril de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00018613R

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 13 de abril de 2022.

12. COMPARECENCIA EN RELACIÓN AO PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO DE PLATAFORMA LOXÍSTICA.

Á vista do acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria celebrada o pasado día 5 do corrente mes, comparece o señor alcalde, para dar resposta, entre outras, ás preguntas formuladas na solicitude de comparecencia en relación ao proxecto de desenvolvemento da plataforma loxística.

13. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

- 1.- Formulado polo BNG sobre as labores de limpeza no estanque do parque do Auditorio de Galiza.
- 2.- Formulado polo BNG para realizar labores de limpeza e mantemento de urxencia no palco de música e nos bancos da alameda.
- 3.- Formulado polo BNG para permitir o estacionamento de vehículos das persoas que viven na rúa Altiboia na zona de residentes do aparcadoiro sito nesa rúa.

- 4.- Formulado por CA sobre publicación das axudas para actividades culturais.
- 5.- Formulado polo PP para que se convoque comisión mixta de garantía básica cidadá.
- 6.- Formulado por CA para a implantación do servizo de comedor escolar nas escolas unitarias.
- 7.- Formulado polo PP para a mellora e ordenación da zona do campo de Sta. Marta.
- 8.- Formulado polo PP para ampliar a difusión e utilidade do “bono taxi”.
- 9.- Formulado por CA para renovación de paneis informativos nas paradas do autobús urbano.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Formulada polo BNG sobre inspección á empresa concesionaria do servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control de tráfico.
- 2.- Formulada polo BNG sobre información á veciñanza dos Concheiros, Home Santo e Rodríguez de Viguri en relación aos cambios de mobilidade previstos para a zona.
- 3.- Formulada por CA sobre a correcta regulación da música ao vivo nos locais.
- 4.- Formulada polo BNG sobre reunións coa veciñanza de Meixonfrío.
- 5.- Formulada polo PP sobre apertura do baño accesible integrado na concesión do quiosco da alameda.
- 6.- Formulada polo PP sobre a parálise das obras de selado e clausura do vertedoiro de Aríns.
7. Formulada polo PP sobre o emprego de datos persoais con fins alleos ao interese da persoa cedente.
- 8.- Formulada por CA sobre o cese da actividade no vertedoiro de Miramontes.
- 9.- Formulada por CA sobre o centro de cultura gastronómica de Galicia.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada polo BNG sobre sancións en relación coa ordenanza xeral de ruídos.
- 2.- Formulada polo PP sobre subvencións ao deporte federado.
- 3.- Formulada polo PP sobre horas extras impagadas á policía local e aos bombeiros.
- 4.- Formulada polo BNG sobre previsións de cobertura da praza de uxier do centro sociocultural de Vite, vacante por xubilación.
- 5.- Formulada polo BNG en relación a queixas da veciñanza do Castiñeiriño e dos centros educativos da contorna sobre edificios abandonados.

Despois da resposta á pregunta oral formulada por CA que figura no posto núm. 4, faise un descanso cando son as 14:10 horas e volve a retomarse a sesión ás 16:03 horas, incorporándose a totalidade dos asistentes agás a concelleira Dona Marta Lois, que é desculpada a súa ausencia polo señor alcalde.

14. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNs PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

Os textos das mocións presentadas e tratadas na presente sesión son os que a continuación se relacionan:

“MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA MANIFESTAR O PESAR POLO PASAMENTO DO PINTOR E MÉDICO XULIO MASIDE E SOLICITAR QUE POLA COMISIÓN DE HONRAS SE ACORDE ALGÚN RECOÑECIMENTO

Xulio Maside Medina naceu en Vigo en 1933, viviu na Estrada e trasladouse a Santiago de Compostela en 1940, o seu lugar de residencia e de referencia, pois ao

morrer o seu pai quedou baixo a tutela do seu tío, o pintor Carlos Maside, que foi o seu primeiro mestre e influencia decisiva na súa paixón artística, ideario e amor por Galicia.

De Carlos Maside aprendeu as técnicas da pintura, as tendencias artísticas e compartiu as formas das paisaxes na súa traxectoria inicial, que deixou atrás cando deu o paso ao predominio de liñas, manchas e planos para conformar figuras humanas e motivos recorrentes como gatos, cans, cabalos, serpes, paxaros e espellos, que se converteron en elementos icónicos na súa obra.

Estudou bacharelato no instituto Xelmírez e despois Medicina na Universidade de Santiago de Compostela. En 1959 foi destinado a facer o servizo militar a Madrid, onde se relacionou no Círculo de Belas Artes con artistas da época; frecuentou o Café Gijón, as exposicións e o ambiente bohemio; ademais de abrirse a influencias impresionistas, fauvismo, cubismo e da pintura castelá.

De volta a Santiago, en 1961, participou na creación da Agrupación Cultural O Galo e despois dunha pequena mostra na librería Carballal, situada na rúa do Vilar, en que vendeu todas as acuarelas nunha semana, animouse a organizar a súa primeira exposición individual no Hostal dos Reis Católicos en 1962.

Como activista cultural, tamén foi dos fundadores de Estampa Popular Galega, nacida cos obxectivos da democratización da arte, a innovación e o compromiso político e cultural co país; presidiu a Asociación de Artistas Galegos durante unha década; e foi integrante do Ateneo de Santiago e do Grupo Nome creado en 1986.

Durante a súa estadia en Barcelona para formarse como médico anestesista no Hospital Sant Pau, estableceu contacto con grupos vangardistas como O Paso e o catalán Dau al Set, ademais de coñecer o grupo informalista de Tàpies. Alí, interesouse polas técnicas de gravado e de litografía e estudou no Conservatorio das Artes Gráficas.

Cando retornou, exerceu a súa profesión como médico anestesista no Hospital Xeral e no Hospital Clínico, até a súa xubilación. Desde 1965, a pintura, o activismo cultural e a medicina foron as súas actividades.

Da década de 1970 pódese destacar a súa viaxe a París (Francia) en 1973 en que coincidiu con pintores contemporáneos e a súa participación en exposicións antifranquistas e pro-amnistía en Milán (Italia) e a partir de 1980 a súa obra estivo baixo a influencia de técnicas experimentais de collage, introduciu o uso do acrílico, con ambigüidade temática, cores brillantes e grandes formatos, ademais dos debuxos de carbonciño, óleos sobre lenzo e gouaches.

Das súas exposicións pódese destacar a participación individual na galería Citania, na feira de Arco, na Galería Trinta, na Caixa de Aforros de Vigo; en colectivas na Bienal de Pontevedra, na Mostra que trata do Spagna en Milán e Turín (Italia), no Kunst und Museumskreise, de Bad Essen (Alemaña), no Auditorio de Galiza en 2014, unha antolóxica no Casino ou na Fundación Granell no Pazo de Bendaña en 2021 (Santiago de Compostela), entre outras. Tamén exerceu a súa faceta como ilustrador en publicacións literarias e nas principais cabeceiras de xornais e revistas galegas.

Xulio Maside Medina, que faleceu o 10 de abril de 2022, foi un referente do ámbito social e activista cultural de Santiago de Compostela, sempre acompañado pola súa

muller María Esther Rodríguez Losada, quen o apoiou no impulso das liberdades creativas.

Por todo o exposto anteriormente, solicitamos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

Expresar o fondo pesar da Corporación municipal polo pasamento de Xulio Maside, e trasladar á Comisión de Honras e Distincións a proposta de que acorde propoñer o debido recoñecemento da cidade a Xulio Maside.

MOCIÓN PARA AXILIZAR A LICITACIÓN DO SERVIZO DE COMEDORES ESCOLARES PARA OS CEIP DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para axilizar a licitación do servizo de comedores escolares para os CEIP do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión do servizo de comedores escolares para os dez centros de educación infantil e primaria do concello de Santiago enmárcase no desexo do Concello en prestar un servizo á cidadanía e, en particular, ás familias con menores a cargo que favoreza a conciliación da vida laboral e familiar, a adquisición de valores e hábitos saudábeis desde a infancia, así como a satisfacción de esixencias sociais pola que deben velar os poderes públicos e polo feito de non dispoñer de medios propios para desenvolvelo.

Máis unha vez reclamamos que debía ser a Xunta de Galiza quen se fixese cargo da súa xestión mais, mentres iso non acontece, o Concello é o responsábel de ofrecer un proxecto educativo cun modelo que debe ser vangardista e basearse na cociña de proximidade e a aposta polos produtos locais e de tempada. E todo iso debe facerse co tempo suficiente para que o servizo non fiquen en precario, situación en que leva a licitación actual desde xaneiro do presente ano.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego levou ao pleno do mes de outubro 2021 unha interpelación para coñecer cando tiña previsto o Goberno local publicar a licitación do que será o novo contrato do servizo de comedores escolares. No mes de xullo de 2021 aprobouse unha moción para que se establecese unha planificación, en diálogo coas ANPA, para incluír no prego do contrato un novo modelo de comedores.

Para o BNG dar o servizo de comedores nos centros públicos cun modelo diferente ao actual é unha prioridade; por iso trouxemos ao pleno varias iniciativas para que a Concellaría de Educación as tivese en conta e para comunicarlle ao concelleiro que o tempo se lle viña enriba e que a licitación non pode estar sen contrato. Non podemos permitir que este servizo mingüe nas prestacións cando se trata de crianzas e da súa alimentación.

O curso escolar 2022/2023 comeza o día 8 de setembro. A licitación deste contrato pode levar, como mínimo, catro meses, respectando os prazos de presentación de ofertas e da formalización do contrato. Para alén diso, en poucas semanas achégase a época estival onde o persoal do Concello tamén colle vacacións.

Por todo isto, o Grupo municipal do BNG propón o seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago iniciará o máis axiña posíbel a licitación do contrato para a xestión do servizo de comedores para telo adxudicado antes do inicio do curso escolar 2022/2023.

MOCIÓN PARA O ARRANXO DO PASO DE PEÓNS DA RÚA DA PASTORIZA E A REALIZACIÓN DA TERCEIRA FASE DAS OBRAS DOS BASQUIÑOS ATÉ A PRAZA DA PAZ

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para o arranxo do paso de peóns da rúa da Pastoriza e a realización da terceira fase das obras dos Basquiños até a praza da Paz, en San Caetano.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O paso de peóns da rúa da Pastoriza, que ten un desnivel e diversos parches de chapapote superpostos en obras realizadas en tandas que provocan elevacións a distinta altura na superficie peonil como se pode apreciar polo seu desgaste, converteuse nun punto negro de seguranza viaria para as persoas que transitan por esta rúa tan frecuentada, pois xa se produciron numerosas caídas de persoas maiores.

A situación actual deste paso de peóns, ademais de supor un problema para quen ten problemas de mobilidade ao obrigarlle a sortear as zonas deterioradas polo potencial perigo de torcer un pé ou caer, non respecta as normas de accesibilidade que lles corresponden aos pasos de peóns.

Isto é a consecuencia da falta de realizar a intervención integrada na terceira fase do proxecto que está pendente das obras dos Basquiños, no tramo de San Caetano entre a praza da Paz e a rúa da Pastoriza, nacido ao abeiro do programa Urbana Santiago Norte.

Cómpre lembrar que a necesidade de impulsar esta actuación xa foi aprobada no Pleno de xullo de 2020, mediante unha moción do BNG, para realizar as xestións necesarias e incluír nos Orzamentos a consignación para as obras deste proxecto de reurbanización co obxectivo de conseguir unha contorna humanizada, con incremento da seguranza viaria e peonil, ademais da mellora estética e urbana para esta vía usada para o acceso e saída do centro da cidade, xunto coa renovación das redes de augas pluviais, de saneamento e de gas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela procederá urxentemente ao arranxo do paso de peóns da rúa da Pastoriza e, en canto for posíbel orzamentariamente, á realización da terceira fase das obras dos Basquiños até a praza da Paz, en San Caetano.

MOCIÓN PARA HABILITAR O CANELLÓN DA CONTORNA DA COLEXIATA DE SAR PARA APARCADOIRO NOCTURNO A RESIDENTES

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para habilitar o canellón da contorna da Colexiata de Sar para aparcadoiro nocturno a residentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro dos cambios introducidos para restrinxir o aparcadoiro no adro da Colexiata, unha cuestión con que concordamos plenamente, o Goberno local determinou tamén eliminar outras zonas para aparcar no barrio de Sar. É evidente a necesidade de reordenar o tráfico e de procurar espazos que faciliten o tránsito peonil e humanicen o conxunto da nosa cidade. Con todo, este aspecto debe ser complementado co servizo necesario para aparcar a veciñanza residente no barrio, sobre todo desde a perspectiva da seguranza e cando sexa compatíbel coas propias decisións tomadas. É por iso que o BNG propón que se habilite o canellón da contorna da Colexiata de Sar para estacionamento nocturno a residentes.

Deste xeito, o canellón que dá acceso á nova zona de aparcadoiro construída para a contorna da Colexiata de Sar pode ter un espazo para residentes en horario de 22:00 a 8:00, cando menor circulación de vehículos hai, cunha información previa e sinalización adecuada sobre o seu funcionamento.

É necesaria esa zona por cuestións relativas á seguranza e iluminación, con posibilidade para persoas residentes de deixaren o seu coche máis próximo ás vivendas en horario nocturno. Trátase dunha reclamación recollida da veciñanza que é factíbel porque se ben de día ese canellón debe ser de dobre dirección e, por tanto, que non aparquen coches, en horario nocturno con deixar un espazo libre cada tres coches estacionados para permitir o tránsito se veñen vehículos en dobre dirección é máis que suficiente.

Esta medida non causa ningún prexuízo e amplía as posibilidades de aparcamento destinado ás casas da contorna da Colexiata de Sar que non dispoñen de garaxe, de cara a facilitarlles a proximidade para estacionar fóra do horario laboral como se adoita facer noutros lugares.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago habilitará unha zona de aparcadoiro nocturno para residentes no canellón da Contorna da Colexiata de Sar.

MOCIÓN PARA APOIAR O COMERCIO E HOSTALARÍA CUNHA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN CULTURAL NA CONTORNA DA PRAZA DA INMACULADA, NA CIDADE HISTÓRICA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para crear unha campaña de dinamización cultural en distintos espazos públicos de Santiago de Compostela e, de maneira especial, na praza da Inmaculada para apoiar o tecido hostaleiro e comercial desta

zona.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo municipal do BNG mantivo unha reunión coa nova asociación Porta Norte Compostela, que agrupa o comercio e a hostalaría da zona da Acibechería, Tránsito da Quintana, praza da Inmaculada, Vía Sacra e praza de Cervantes, en que transmitiron as necesidades de apoio da administración local para revitalizar a súa actividade.

Cada vez son menos as persoas de Compostela que se achegan a pasear por estas rúas pola falta de actividades de dinamización para que esta zona sexa máis atractiva e, pese estar na contorna da Catedral, os establecementos de comercio e de hostalaría teñen dificultades e observan como o volume dos seus negocios decrece de maneira alarmante.

Desde a Administración local pódense organizar actividades específicas na praza da Inmaculada, como se fai noutras prazas da Cidade histórica, que poñan en valor o noso patrimonio co fin de recuperar e de atraer a xente de Compostela e tamén a que nos visita, para que acuda a actividades culturais nestes emprazamentos.

Ademais, é necesario adoptar un plan de restauración do lousado das vías públicas co obxectivo de adecuar os días e horarios en que causen menos molestias para cortar a zona de paso e permitir o acceso cando hai máis afluencia de clientela.

Tamén é necesario establecer unha canle de diálogo directa de coordinación cando se pechan estas rúas durante un tempo excesivo por mor de visitas institucionais de relevancia, con maior axilidade para que poidan abrir de inmediato os establecementos en canto sexa factíbel co fin de non perder público nos días de maior afluencia de turistas, pois a falta de flexibilidade ante determinadas decisións sobre espazos e horarios de restrición cáusalles prexuízos económicos.

Outra das demandas é a mellora do servizo de limpeza e de recollida de residuos, pois é necesario eliminar a sucidade destas rúas con frecuencia e en horario distinto do comercial, para non entorpecer a súa actividade cando pasan os vehículos que fregan o chan.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello desenvolverá unha campaña de dinamización cultural en distintas prazas de Santiago de Compostela e, de maneira especial, na praza da Inmaculada para apoiar o tecido hostaleiro e comercial desta zona.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA POLA PUBLICACIÓN DUNHA AXENDA CULTURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA QUE MELLORE A DIFUSIÓN E A COORDINACIÓN DA PROGRAMACIÓN CULTURAL NA CIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O confinamento e as medidas sanitarias derivadas da xestión da epidemia da Covid19 provocaron fortes restricións de aforo no Teatro Principal, Auditorio de Galicia e, en xeral, noutros moitos espazos públicos dedicados á programación cultural en Santiago de Compostela. A pandemia provocou peches de salas de concertos, galerías, espazos de ensaio das compañías escénicas e a paralización da música ao vivo na cidade. Tamén paralizou integramente a programación cultural dos espazos privados, aos que lles foi imposible captar recursos propios a través da billeteira e, a maiores, tiveron que incorporar novos gastos que antes da pandemia non existían para poder xestionar: aforos limitados, fluxos das audiencias para entrar, acomodarse e abandonar os espazos, cancelacións por contaxios de última hora, etc.

Con este panorama aínda moi recente, en distintos foros recuperouse un antigo interese que moitos entendemos coma unha necesidade urxente: publicar unha axenda cultural en formato físico e por suposto en dixital que visibilice e axude a coordinar a actual oferta da capital cultural de Galicia.

A falta de coordinación das axendas das distintas entidades que programan actividades culturais en Santiago é unha antiga rémora. Todo o mundo acredita na necesidade de que exista unha axenda que acolla a extensa programación cultural das institucións públicas e dos espazos privados e asociativos da cidade, mais é sabida a complexidade dun territorio cultural fondamente institucionalizado, polo que nos últimos anos non agromou un proxecto de comunicación desde o ámbito privado que asumise o reto como sucede noutras cidades onde o gasto cultural é semellante a nivel estatal.

No anterior mandato, o goberno de Compostela Aberta, puxo a funcionar unha axenda en papel da que se fixeron cargo, nunha abordaxe transversal, os departamentos de Acción Cultural e Turismo. En anteriores existiron desenvolvementos moi positivos de axendas culturais que a institución non priorizou.

Na actualidade, despois da imposibilidade manifesta de retomar un contacto social normalizado, residentes e visitantes precisan unha axenda cultural para poder gozar da maior oferta cultural que sucede nunha cidade galega.

Precisamos unha axenda que difunda e provoque unha resposta informada á acción cultural da cidade. Moitas actividades esquécese, outras coinciden continuamente nas mesmas datas, sucede unha contraprogramación por falta de coñecemento do que fan veciños, por priorizar intereses institucionais sobre os das audiencias. Moita xente non coñece o que sucede fóra da Cidade Histórica polo que a descentralización de actividades culturais é tarefa complexa.

Aínda en proceso pandémico, precisamos unha axenda cultural; sen ela non podemos difundir correctamente a cultura da cidade e tampouco poderemos recuperarnos a bo ritmo dos efectos nocivos que para a saúde da nosa cultura municipal tivo e aínda ten a crise pandémica. Semella que agora iniciamos unha recuperación que pode ralentizarse por unha crise enerxética. Estamos nun escenario incerto e precisamos urxentemente dunha axenda dixital e en papel para coñecermos que é o que sucede na cidade despois dunha interrupción tan brusca e prolongada da relación social que apoiaba un estado de comunicación dos actos culturais que foi interrompida e está aínda moi lonxe de recuperarse.

Para posibilitar a mellora da difusión da programación cultural en Santiago de Compostela, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte

ACORDO:

Que o Concello publike unha axenda cultural que recolla a programación cultural de Santiago de Compostela para posibilitar unha mellor información da oferta cultural e aumentar a coordinación das diversas actividades e procesos culturais que suceden a un tempo na cidade.

MOCIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO DO FIRME DA ENTRADA DA VÍA DA PRATA NO CONCELLO DE SANTIAGO E OUTRAS MELLORAS EN ANGROIS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo dos últimos anos, froito da acción da Xunta de Galicia en colaboración co Concello, a entrada das rutas de peregrinación á cidade de Santiago están a experimentar unha notable mellora que se fai patente de forma especial en catro puntos prioritarios: o polígono do Tambre, San Lázaro, Os Concheiros e Conxo, que coinciden cos tramos finais dos camiños Inglés, Francés e Portugués.

Estas actuacións, na que se están a investir varios millóns de euros, están a permitir unha mellora na integración paisaxística dos principais itinerarios xacobeos, facilitando o tránsito e a calidade ambiental dos peregrinos e da veciñanza.

Alén desas importantes melloras, outras pequenas actuacións de conservación e mantemento están a axudar a que o conxunto dos camiños de peregrinación ofrezan unha boas condicións para o tránsito peonil, aínda que non todos, como se pode comprobar no tramo final do coñecido como Vía da Prata ou Camiño do Sudeste, que se adentra no noso Concello pola Susana.

Aínda que o seu estado en xeral se podería considerar satisfactorio, o itinerario presenta desde hai tempo un firme en moi mal estado nas proximidades da parroquia de Angrois, tal e como se pode apreciar nas imaxes que se acompañan.

O vindeiro mes de setembro vanse cumprir cinco anos dun acordo adoptado por unanimidade da Corporación para conseguir o acondicionamento e mellora do trazado da Vía da Prata no termo municipal, “de forma prioritaria no tramo que discorre entre o Camiño Real de Piñeiro do Eixo e Angrois ata a rúa de Sar”. Daquela propoñíase que esta mellora se fixera “mediante unha addenda ao protocolo subscrito nese mesmo ano -2017- coa Xunta de Galicia ou a través de calquera outra fórmula que permita unha pronta execución”.

Un ano despois, en novembro de 2018, aprobouse tamén por unanimidade, unha proposta na que se volvía a incluír o acondicionamento desta zona situada baixo o viaduto da autoestrada en Angrois, dentro dun conxunto de medidas que se lle debían solicitar ao Ministerio de Fomento, coa implicación da Xunta de Galicia: a recuperación da conectividade existente entre as dúas marxes da AP-9 antes das obras de ampliación da AP-9 para mellorar o acceso ás zonas agrarias de Angrois, a instalación de pantallas para a redución da contaminación acústica na zona de Angrois e o mencionado acondicionamento baixo o viaduto da autoestrada en Angrois, incluíndo nas actuacións a realizar a pavimentación da pista desde a Travesa de Angrois á vía de servizo da AP-9 e a mellora ambiental do Rego de Angrois, que discorre por esa

zona.

Aínda que nos últimos meses se teñen realizado melloras nunha parte do treito da Vía da Prata entre O Eixo e Angrois, a mellora rexistrada no conxunto dos Camiños non pode quedar embazada por un pequeno treito de apenas 100 metros, que é a distancia que aproximadamente separa o curto tramo que se ten acondicionado con sábreo na zona do Eixo do tramo asfaltado que se inicia ao pasar baixo a ponte da AP-9.

Con independencia de que se poida acometer posteriormente unha mellora máis ambiciosa, na que se poidan incluír as demandas aínda pendentes do acordo de 2018, trataríase de acometer canto antes unha sinxela actuación, de custo sumamente reducido, para nivelar as irregularidades do camiño, canalizar as augas de escorrentía e darlle continuidade ao firme de saburra. Con iso melloraríanse substancialmente as condicións deste itinerario, facilitando o tránsito da veciñanza e das persoas que fan a peregrinación e logrando unha certa mellora ambiental e paisaxística no tramo final desta histórica vía.

Conforme ao apuntado, o Grupo Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que:

1.- Coa maior urxencia, por propia iniciativa ou procurando a colaboración do Ministerio de Fomento ou da Xunta de Galicia, proceda a realizar unha actuación urxente de mellora do firme da Ruta da Prata, no deteriorado tramo duns 100 metros que discorre nas inmediacións do paso baixo a AP-9 en Angrois.

2.- Proceda a reiterar ante o Ministerio de Fomento, a necesidade de recuperar a conectividade existente entre as dúas marxes da AP-9 antes das obras de ampliación da AP-9 para mellorar o acceso ás zonas agrarias de Angrois, a instalación de pantallas para a redución da contaminación acústica na zona de Angrois e a pavimentación da pista desde a Travesa de Angrois á vía de servizo da AP-9, xunto coa mellora ambiental do Rego de Angrois, que discorre por esa zona.

MOCIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO E POSTA EN VALOR DA ESCOLA UNITARIA DA DEVESA, NA PARROQUIA DE ARÍNS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao igual que noutros lugares do Concello, a ordenación e agrupamento das actividades escolares levadas a cabo nas últimas décadas provocou que o local da escola unitaria da Devesa, na parroquia de Aríns, de propiedade municipal, fora abandonado. A diferenza doutras edificación semellantes que mantiveron no seu interior distintas actividades públicas, este local de Aríns leva anos sen uso e iso acabou repercutindo no seu estado de conservación, chegando a un progresivo deterioro que pode afectar á súa estrutura e que provoca xa a unha imaxe de abandono e de falta de decoro impropio dunha propiedade municipal.

A edificación aséntase sobre unha parcela duns 1.000 m², nun lugar moi ben comunicado, na rúa Coto da Nai, nunha encrucillada no lugar de Vilacova, e ten unha superficie construída próxima aos 300 m². Foi construída en 1968, cun deseño funcional de aires racionalistas, cunha única planta con cuberta a unha auga, ampla fiestraxe na fachada e con fiestras de menor tamaño na parte posterior. O acceso ordénase a través de dúas entradas laterais a modo de soportais que permiten a división interior do espazo en dúas estancias independentes. Esa accesibilidade da edificación e da parcela, confírelle múltiples posibilidades para un futuro uso.

Os únicos traballos que se lembran no edificio e na súa contorna nos últimos anos son os de ocasionais rozas, que apenas se teñen centrado na parte frontal, e puntuais labores de albanelaría para tapiar parte das ventás. Uns labores que non teñen impedido que a construción ofrezca unha penosa imaxe, con cristais rotos, paredes escachadas, reforzos de ladrillo vista e mesmo un gran burato a modo de “butrón” na fachada.

A pesar do seu aspecto, o edificio semella que pode ser recuperado e posto en valor sen gran esforzo económico, mesmo a través dun dos obradoiros de emprego como os que serviron para adecuar outros edificios semellantes. Sería unha forma de dispoñer dun local polivalente, para uso municipal ou para unha posible cesión para unha actividade ou obxecto de interese público, para evitar así a súa paulatina degradación e contribuír a dar exemplo no combate polo feísmo na paisaxe do noso Concello.

En consecuencia, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

O Pleno insta ao corresponde órgano do Goberno local a que inicie os trámites necesarios para a adecuación e posta en valor da parcela e local da antiga Escola da Devesa, na parroquia de Aríns, coa finalidade de deter a súa deterioración e dispoñer dun local axeitado para fins de interese público.

MOCIÓN CONXUNTA DE CA E BNG PARA INSTAR Á XUNTA DE GOBERNO A REVISAR DE OFICIO OS PREGOS DE XESTIÓN DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS DE SANTIAGO

Os Grupos Municipais de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción conxunta para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 25 de outubro a Xunta de Goberno Local aprobou a licitación do expediente denominado "Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela", por dous anos, e por un importe de 2.600.210,66 euros (IVE incluído).

Este expediente divídese en catro lotes:

Lote I: Animación sociocultural. Orzamento estimado máximo de gasto: 1.367.147,66 euros.

Lote II: Bibliotecas. Orzamento estimado máximo de gasto: 436.568,75 euros.

Lote III: Atención ao público. Orzamento estimado máximo de gasto: 433.194,31

euros.

Lote IV: Novas tecnoloxías. Orzamento estimado máximo de gasto: 363.299,94 euros.

Unha vez analizados todos estes documentos, os grupos municipais da oposición presentaron varias iniciativas nas sesións ordinarias do Pleno da Corporación, sendo un tema recorrente nos últimos cinco meses, para que se correxiran anomalías, incoherencias, incongruencias, imprecisións, erros e outros fallos que poderían ter sido detectados nunha simple lectura con certa profundidade.

Diante destas iniciativas dos grupos políticos da oposición, o concelleiro-delegado só tivo como resposta unha fuxida cara adiante, limitándose a ler os papeis que lle preparan para que teña algo que dicir no Pleno e sen tomar decisión algunha para reverter a situación. Mentres, as e os traballadores da concesionaria da rede de Centros veñen manifestando a súa preocupación polo inexistente diálogo co goberno local -algo xa habitual e normal neste mandato municipal- que se negou a ter en conta as súas opinións e apreciacións, a pesar de seren empregadas dun servizo municipal.

Aínda sendo un contrato dunha importante cifra de volume de negocio, o procedemento de licitación non suscitou demasiado interese entre as empresas. Como é sabido, o Lote IV foi declarado deserto, ao Lote III tan só aspira unha empresa, e para os Lotes I e II só presentaron oferta tres candidatas.

Por todo o anterior, e tendo coñecemento da solicitude de revisión presentada pola representación sindical das e dos traballadores, os grupos municipais de CA e BNG propoñen o seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Goberno como órgano de contratación do Concello de Santiago á REVISIÓN DE OFICIO DE ACTOS NULOS DE PLENO DEREITO, das seguintes actuacións administrativas:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS para a licitación do Contrato de Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS reguladoras para a prestación do servizo de ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL na rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS para a contratación dos SERVIZOS BIBLIOTECARIOS, para a Biblioteca José Saramago do Concello de Santiago de Compostela.

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS reguladoras para a prestación do servizo de ATENCIÓN AO PÚBLICO na rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS para a contratación de NOVAS TECNOLOXÍAS na rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA REAVALIAR E CONSENSUAR A INSTALACIÓN DUNHA PLATAFORMA LOXÍSTICA DE

REPARTO DE MERCADORÍAS PARA A HOSTALERÍA DE SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No marco do desenvolvemento das políticas de captación de fondos do mandato 2015-19, o 4 de decembro de 2017 asinábase o convenio entre o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade e o Concello de Santiago de Compostela para o proxecto "Smartiagio" cofinanciado con fondos europeos Feder. Un convenio que se traducía en máis de 6 millóns de euros dedicados á mellora dos servizos públicos, mediante o fomento da innovación, seleccionando as accións e proxectos para o seu cofinanciamento polo FEDER 2014-2020.

O propio convenio recollía tres liñas de actuación: a xestión de residuos sólidos urbanos sostible e intelixente, a mobilidade intelixente sostible e a iluminación ornamental intelixente para a conservación do patrimonio. Así, na segunda liña, a da mobilidade intelixente, propúñase o desenvolvemento dunha plataforma loxística de reparto na última milla que contribuíse a racionalizar o actual caos e molestias que o reparto á hostalería e ao comercio supón na Cidade Histórica.

Unha plataforma que se complementaba co proxecto dun vehículo smart de reparto para esta última milla dentro da zona vella de Santiago. O obxectivo era claro: racionalizar a loxística nesta última milla, favorecendo a vida dos case 5.000 veciños e veciñas da cidade histórica, así como contribuír á conservación patrimonial. Posteriormente, o actual goberno municipal, decidiu desviar parte do financiamento desta liña de actuación cara a instalación de numerosas cámaras de videovixilancia camufladas como *xestión da mobilidade*.

Xa no actual mandato municipal, a pesar de ter este proxecto con financiamento do Ministerio, en decembro do 2020 o Consorcio de Santiago recollía no seu plan de actuacións para o 2021-2023, -concretamente no seu punto 3.1.5.- a necesidade de desenvolver un "Plan de transporte de mercadorías e persoas para a cidade histórica" que permita a implantación dun sistema loxístico que, entre outros, ofrezca o servizo de "distribución e reparto de mercadorías a todos os negocios da zona histórica de Santiago de Compostela, integrada co resto da cidade", salientando que sería "imprescindible" a existencia dun "sistema de participación cidadá que faga posible a implementación do sistema". No mesmo documento menciónase o programa 'SMARTiagio' como provedor "unicamente da parte física e tecnolóxica do proxecto" e non se detalla unha cantidade concreta.

Así mesmo tamén na "Proposta Estratéxica plurianual do Consorcio de Santiago para o período 2021-2027-2032" no Eixo III Espazo público, Infraestruturas e Medio Ambiente na liña III.2.2. Xestión de fluxos: Loxística de distribución urbana aparecen consignados outros 7 millóns de euros para, entre outros proxectos, o "acondicionamento dunha parcela e accesos e construción dun centro de aprovisionamento e acopio completamente robotizado", a "adquisición de vehículos sostibles para reparto" ou o "deseño das rotas e frecuencias".

E nun exercicio que parece de auténtico solapamento entre proxectos, o 3 de setembro de 2021 o alcalde Xosé Sánchez Bugallo anunciou que o Concello de

Santiago solicitaría unha axuda destinada á mellora da mobilidade e da modernización do transporte público ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a construción dun centro loxístico de distribución de mercadorías e dun aparcamento disuasorio, sendo orzamento global de ambas actuacións máis de 7 millóns de euros.

Xa posteriormente, o goberno realizou a contratación 'a dedo' dun "Servizo de asistencia técnica para a concreción nunha memoria técnica adaptada aos requirimentos de convocatoria para a solicitude de fondos para desenvolver a estratexia de loxística urbana sostible no casco histórico de Santiago de Compostela" pola cantidade de 17.545 euros.

Sobre a posterior localización de ambos equipamentos aínda que na web municipal se afirmou que estarían situados "ambos na zona de Meixonfrío" realmente a plataforma loxística estaría ubicada en Mallou e nunha zona residencial e sen embargo o estacionamento disuasorio estaría na Pulleira - Boisaca en plena zona industrial e comercial. Contrastado co tecido asociativo veciñal e coa veciñanza de Meixonfrío e Mallou o retorno que se obtén é que o goberno municipal -unha vez máis- está a tomar decisións de calado e que inflúen amplamente na vida das persoas e da cidadanía sen que exista diálogo nin comunicación para consensuar e facelos partícipes nos planos que quere levar adiante o goberno.

Cofecida a intención do goberno e do alcalde Bugallo, a Asociación Veciñal da Casa Agraria comunicou aos grupos municipais o rexeitamento da veciñanza aos mesmos, decisión tomada en xuntanza da veciñanza do barrio e das persoas directamente afectadas. Comunicando tamén as expectativas veciñais para esa parcela no relativo a usos múltiples e comunais e denunciando que a proposta municipal significará un incremento do tránsito rodado na zona, ruidos nocturnos, sobrecarga da rotonda, etc

No seu momento, no pleno de Setembro de 2021, o grupo municipal de Compostela Aberta adiantou que as decisións do goberno municipal xerarían malestar veciñal, tanto porque como se están a tomar como pola localización da Plataforma loxística en zona residencial. Naquel momento propuxemos que o goberno reavaliase a súa decisión de situar a plataforma en Mallou con saída á rotonda de Meixonfrío, e solicitamos o estudo de localizacións alternativas e mais próximas á cidade vella como poderían ser as antigas instalacións de Fenosa en Galeras. Idea que o goberno municipal rexeitou no seu momento mais que agora aparece sorprendentemente recollida no documento de *Tarifas Uninova 2022* indicando que o centro loxístico de Mallou-Meixonfrío "podería combinarse con outro centro asociado, xa dentro do propio centro histórico, onde podería centralizarse a provisión e distribución de produtos frescos e refrixerados".

Por todo o anterior, e porque parece de sentido común situar unha plataforma loxística máis próxima á zona comercial e industrial e os estacionamentos disuasorios máis preto da zona residencial e das liñas de bus urbano, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Tomar en consideración a opinión da veciñanza de Meixonfrío e Mallou como principais afectadas ao ser os residentes inmediatos á futura plataforma.

2. Reconsiderar a localización da Plataforma loxística na zona da Pulleira - Boisaca e así habilitar a parcela de Mallou como estacionamento disuasorio, campo da festa e zona de lecer en xeral.
3. Informar con detalle desa segunda plataforma loxística nunha localización máis próxima a cidade histórica de Santiago
4. Convocar á veciñanza para explicar que planificación e cronograma concreto ten o goberno municipal con ambas plataformas e dar conta de cada un dos pasos que se teñen dado ata agora e consensuar os futuros.”

Con respecto á moción de urxencia conxunta de todos os grupos políticos municipais para manifestar o pesar polo pasamento do pintor e médico Xulio Maside, o Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes acorda expresar o fondo pesar da Corporación municipal polo pasamento de Xulio Maside, e trasladar á Comisión de Honras e Distincións a proposta de que acorde propoñer o debido recoñecemento da cidade a Xulio Maside.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG para axilizar a licitación do servizo de comedores escolares para os CEIP do concello, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 4 CA), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello iniciará o máis axiña posíbel a licitación do contrato para a xestión do servizo de comedores para telo adxudicado antes do inicio do curso escolar 2022/2023.

Na moción presentada polo grupo municipal do BNG para o arranxo do paso de peóns da rúa Pastoriza e a realización da terceira fase das obras dos Basquiños até a praza da Paz, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 4 CA), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello proceda urxentemente ao arranxo do paso de peóns da rúa Pastoriza e, en canto for posíbel orzamentariamente, á realización da terceira fase das obras dos Basquiños até a praza da Paz en San Caetano.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG para habilitar o canellón da contorna da Colexiata de Sar para aparcadoiro nocturno de residentes, á que presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular, e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 4 CA), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello habilitará unha zona de aparcadoiro nocturno para residentes no canellón da contorna da Colexiata de Sar, previa valoración por parte da policía municipal.

Na moción presentada polo grupo municipal do BNG para apoiar o comercio e hostalaría, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda que o concello desenvolverá unha campaña de dinamización cultural en distintas prazas de Santiago de Compostela e, de maneira especial, na Praza da Inmaculada para apoiar o tecido hostaleiro e comercial desta zona.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA pola publicación dunha axenda cultural, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (4 CA, 8 PP e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello publike unha axenda cultural que recolla a programación cultural de Santiago de Compostela para posibilitar unha mellor información da oferta cultural e aumentar a coordinación das diversas actividades e procesos culturais que suceden a un tempo na cidade.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do PP para o acondicionamento do firme de entrada da vía da Prata no concello e outras melloras, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, instar ao correspondente órgano do Goberno municipal a que:

1.- Coa maior urxencia, por propia iniciativa ou procurando a colaboración do Ministerio de Fomento ou da Xunta de Galicia, proceda a realizar unha actuación urxente de mellora do firme da Ruta da Prata, no deteriorado tramo duns 100 metros que discorre nas inmediacións do paso baixo a AP-9 en Angrois.

2.- Proceda a reiterar ante o Ministerio de Fomento, a necesidade de recuperar a conectividade existente entre as dúas marxes da AP-9 antes das obras de ampliación da AP-9 para mellorar o acceso ás zonas agrarias de Angrois, a instalación de pantallas para a redución da contaminación acústica na zona de Angrois e a pavimentación da pista desde a Travesa de Angrois á vía de servizo da AP-9 , xunto coa mellora ambiental do Rego de Angrois, que discorre por esa zona.

Auséntase da sesión a concelleira Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PP para o acondicionamento e posta en valor da escola unitaria da Devesa, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 4 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do goberno local a que inicie os trámites necesarios para a adecuación e posta en valor da parcela e local da antiga Escola da Devesa, na parroquia de Aríns, coa finalidade de deter a súa deterioración e dispoñer dun local axeitado para fins de interese público.

Na moción presentada polos grupos municipais de CA e do BNG para instar á Xunta de Goberno a revisar de oficio os pregos de xestión da rede de centros socioculturais de Santiago, o Pleno da Corporación por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA e BNG (4 CA e 2 BNG), 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, polo que é rexeitada a devandita moción.

Reincorpórase á sesión a concelleira Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

Na moción presentada por CA para reavaliar e consensuar a instalación dunha plataforma loxística, á que presentou emenda o PP, e que foi transaccionada por emenda de CA e despois de ser aceptada a última transaccional, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes

dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (4 CA, 8 PP e 2 BNG), e 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Tomar en consideración a opinión da veciñanza de Meixonfrío e Mallou como principais afectadas ao ser os residentes inmediatos á futura plataforma.
2. Reconsiderar a localización da Plataforma loxística na zona da Pulleira – Boisaca, ou noutra parcela que se estime conveniente, e así habilitar a parcela de Mallou como estacionamento disuasorio, campo da festa e zona de lecer en xeral.
3. Informar con detalle desa segunda plataforma loxística nunha localización máis próxima a cidade histórica de Santiago.
4. Convocar á veciñanza para explicar que planificación e cronograma concreto ten o goberno municipal con ambas plataformas e dar conta de cada un dos pasos que se teñen dado ata agora e consensuar os futuros.

Remata a sesión ás 19:14 horas. Dou fe.